

**Curs sobre Plurilingüisme a l'Europa Romànica (Santiago, del 17 al 20 de juliol de 2000).** —Do 17 ó 20 de xullo celebrouse na Univ. de Santiago de Compostela o curso de verán Plurilingüismo na Europa románica: Contacto vs. Conflicto, organizado polos profesores composteláns M<sup>a</sup> Carmen Alén Garabato e Francisco Fernández Rei (directores) e Carlos Valcárcel Riveiro (secretario). Nos lindeiros do Ano Europeo das Linguas o devandito curso tiña entre os seus obxectivos reflexionar sobre as situacións de conflicto lingüístico (ou de aparente simple contacto) que se dan hoxe en diversas zonas plurilingües da Romania europea, con especial atención á lingua galega.

Os días 17, 18 e 19 pronunciáronse conferencias, seguidas todas elas dun amplio debate. O luns 17 F. Fernández Rei (catedrático de Filoloxía Románica da Univ. de Santiago) tratou sobre o actual plurilingüismo na Europa latina e as diversas situacións de diglosia e macro-diglosia con teito románico e non románico, mentres que Henrique Monteagudo (profesor de Sociolingüística Galega na Univ. de Santiago e director do Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega) versou sobre a orixe e o desenvolvemento dos conceptos bilingüismo, diglosia e conflicto e a súa validez actual, con aplicación ó caso galego.

O martes 18 Henri Boyer (catedrático de Ciencias da Linguaxe da Univ. Paul-Valéry, Montpellier III) disertou sobre o conflicto sociolingüístico nos dominios occitano e catalán, con especial atención ó caso occitano, e Bernard Py (catedrático de Lingüística e director do Centre de Linguistique Appliquée da Univ. de Neuchâtel) realizou unha aproximación macro e microlingüística ó plurilingüismo en Suíza.

O mércores 19 Christian Lagarde (catedrático de Español da Univ. de Perpiñan) analizou microlingüisticamente o *melandjao*, interlingua nacida da emigración na Cataluña Norte, mentres que Diegu Corraíne (director da Editorial Papiro de Nuoro) centrouse na complexa situación plurilingüe de Sardeña, con especial atención ó catalán da vila de Alguero e ó contacto sardo-italiano, así como ás perspectivas de futuro á vista da recente lexislación sobre as

linguas en Sardeña e en Italia. A derradeira das conferencias-coloquio impartiuna a codirectora do curso M<sup>a</sup> Carmen Alén (profesora de Filoloxía Románica e Occitano na Univ. de Santiago) que, na liña dos estudos sobre as representacións feitos na escola de sociolingüística occitana, ocupouse da textualización dos ‘funcionamentos diglósicos’ en galego, e concretamente no *rock bravú*.

As sesións do xoves 20 dedicáronse á lingua galega. Primeiro desenvolveuse unha táboa redonda co tema «A situación sociolingüística de Galicia: contacto vs. conflicto» na que interviñeron Concha Costas (presidenta da Mesa pola Normalización Lingüística), Carme Hermida (profesora de Lingua Galega Oral na Univ. de Santiago), Anxo Lorenzo (profesor de Sociolingüística Galega da Univ. de Vigo) e Xoán-Paulo Rodríguez Yáñez (profesor de Sociolingüística e Lingüística Xeral da Univ. de Vigo). A seguir presentouse o nº 47 de *Lengas. Revue de Sociolinguistique* da Univ. Paul-Valéry, Montpellier III, adicado integralmente ó galego (*Le galicien et la sociolinguistique galicienne: à la conquête de la reconnaissance sociale de la langue*), coa intervención de H. Boyer, co-director da revista, e dos coordinadores do volume M<sup>a</sup> Carmen Alén e Xoán Paulo R. Yáñez.

Moitos dos 68 inscritos no curso (a maioría estudiantes de filoloxía galega e profesores de bacharelato de lingua e literatura galega) participaron activamente nos debates de situacions «exóticas» analizadas (a sarda, a algueresa, a occitana, a suíza romande...) pero sobre todo, como era de agardar, cando os temas eran próximos, como no caso da novedosa conferencia do rompedor *rock bravú* vehiculizado en galego ou na mesa redonda sobre a situación social da lingua galega.

Segundo o ronsel doutros proxectos semellantes realizados nestes anos no seo da área de Filoloxía Románica da Univ. compostelá, os organizadores deste curso sobre plurilingüismo románico queremos apostar desde o *Finisterrae* románico atlántico pola *etnodiversidade* como garantía da supervivencia da humanidade e do equilibrio das culturas. [F. F. R.]